

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE EMPREGO E SEGURIDADE SOCIAL

3364 *Orde ESS/486/2013, do 26 de marzo, pola que se crea e se regula o Rexistro Electrónico de Apoderamentos da Seguridade Social para a realización de trámites e actuacións por medios electrónicos.*

A Administración da Seguridade Social vén desenvolvendo, desde hai xa un prolongado período de tempo, diversas iniciativas dirixidas a impulsar a utilización dos medios electrónicos nas súas relacións cos cidadáns, posibilitando que diversas actuacións administrativas poidan ser levadas a efecto de forma máis rápida e eficaz mediante o emprego das novas tecnoloxías. Neste sentido, o sistema de remisión electrónica de datos supuxo un importante avance de cara a facilitar tanto o exercicio dos dereitos coma o cumprimento das obrigas derivadas da relación xurídica de seguridade social.

Sen prexuízo do anterior, esta actividade innovadora viuse especialmente impulsada pola Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, que recoñece o dereito dos cidadáns a se relacionaren coas administracións públicas por medios electrónicos e a correlativa obriga destas últimas de habilitar diferentes canles ou medios para a prestación de servizos electrónicos, garantindo o acceso de todos os cidadáns a eles, con independencia das súas circunstancias persoais, medios ou coñecementos.

Para este fin, a citada lei, obxecto de desenvolvemento mediante o Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 11/2007, do 22 de xuño, dispón a existencia de diversos instrumentos dirixidos a facer efectivo ese dereito, como son as sedes electrónicas, os rexistros electrónicos e as comunicacións e notificacións electrónicas. No marco destas previsións, ditáronse diversas normas destinadas a implantar, no ámbito da Administración da Seguridade Social, tales instrumentos de relación dos cidadáns. Así, pódese citar a Orde TIN/3518/2009, do 29 de decembro, pola que se crea o Rexistro Electrónico da Secretaría de Estado da Seguridade Social para a presentación de escritos, solicitudes e comunicacións e se establecen criterios xerais para a súa aplicación a determinados procedementos; a Orde TIN/1459/2010, do 28 de maio, pola que se crea a sede electrónica da Secretaría de Estado da Seguridade Social, e a Orde TIN/831/2011, do 8 de abril, pola que se regula o taboleiro de edictos e anuncios da Seguridade Social.

Neste marco, o artigo 15 do citado Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, dispón a existencia dun rexistro de poderes para actuar electronicamente ante a Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos dependentes ou vinculados, en que se poderán facer constar as representacións que os interesados outorguen a terceiros para actuar no seu nome de forma electrónica. No seu número 2 considera a posibilidade de que existan outros similares de ámbito máis limitado.

Esta previsión débese relacionar co disposto no artigo 32 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, en cuxa virtude os interesados con capacidade de obrar poden actuar por medio de representante ante as administracións públicas, e establece, así mesmo que, para formular solicitudes, interpor recursos, desistir de accións e renunciar a dereitos, se deberá acreditar a representación por calquera medio admitido en dereito que deixe constancia fidedigna, ou mediante declaración en comparecencia persoal do interesado. No ámbito específico da Administración da Seguridade Social, a posibilidade de actuar por medio de representante e a necesidade de acreditar esa representación, recóllense na disposición adicional vixésimo quinta do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño. Deste modo, recoñecido o dereito dos cidadáns a actuar ante a Administración por medios

electrónicos, trátase de articular as canles polas cales, igualmente, esa actuación pode ser levada a cabo por un terceiro designado polo propio interesado.

Para estes efectos, esta orde crea e regula o Rexistro Electrónico de Apoderamentos para a realización de trámites e actuacións por medios electrónicos, no ámbito da Administración da Seguridade Social. Para tal fin, establécese o seu ámbito subxectivo e obxectivo e o réxime xurídico a que se somete a representación para a actuación por medios electrónicos ante os órganos dependentes da Secretaría de Estado da Seguridade Social.

Esta orde recibiu o informe favorable da Comisión Ministerial de Administración Electrónica do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, ao abeiro do previsto polo artigo 2.2.e) da Orde TIN/3155/2011, do 8 de novembro, pola que se regula a composición e funcións do citado órgano Colexiado.

Así mesmo, conta co informe da Axencia Española de Protección de Datos, de acordo co disposto no artigo 5.b) do Real decreto 428/1993, do 26 de marzo, polo que se aproba o estatuto da citada axencia.

Na súa virtude, en uso das facultades conferidas pola disposición derradeira sétima do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas e de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Esta orde ten por obxecto a creación e regulación do Rexistro Electrónico de Apoderamentos da Seguridade Social, en diante, o rexistro, para a constancia dos poderes que se outorguen coa finalidade de realizar trámites e actuacións por medios electrónicos.

2. Inscribíranse neste rexistro os poderes que se outorguen de forma voluntaria para a realización, por medios electrónicos, dos trámites e actuacións que se relacionan no anexo desta orde, ante as direccións xerais, entidades xestoras e servizos comúns dependentes da Secretaría de Estado da Seguridade Social.

3. O rexistro non ten carácter público, será único para todas as entidades incluídas no seu ámbito de aplicación e estará accesible na sede electrónica da Secretaría de Estado da Seguridade Social.

4. O rexistro regulado nesta orde non participa da natureza xurídica dos rexistros electrónicos regulados no artigo 24 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Artigo 2. *Órganos competentes.*

1. Compete á Secretaría de Estado da Seguridade Social a xestión do rexistro a que se refire o artigo anterior, así como a aprobación dos formularios que resulten precisos para a súa adecuada xestión. Os formularios estarán dispoñibles na sede electrónica da Seguridade Social.

2. Corresponde á Xerencia de Informática da Seguridade Social garantir a dispoñibilidade e accesibilidade do rexistro, a identificación dos interesados mediante certificados electrónicos admitidos na sede electrónica da Seguridade Social, a integridade dos datos incorporados e a xeración de evidencias electrónicas que permitan a constatación da data e da hora dos accesos e actuacións relevantes para a incorporación de tales datos.

Artigo 3. *Suxeitos poderdantes e apoderados.*

1. Poderán outorgar apoderamento as persoas físicas, xurídicas e entidades sen personalidade xurídica que teñan a consideración de suxeitos interesados ou responsables en relación cos trámites e actuacións do anexo.

2. O apoderamento para cada categoría ou trámite poderá ser outorgado a favor de unha ou de varias persoas físicas ou xurídicas, salvo no caso de apoderamentos

outorgados para a recepción electrónica de notificacións, que deberá ser outorgado unicamente a unha persoa física ou xurídica.

3. As entidades sen personalidade xurídica estarán representadas polas persoas que teñan atribuída a súa representación, legal ou estatutariamente, as cales poderán, pola súa vez, apoderar outras persoas físicas ou xurídicas, cando se encontren facultadas para iso.

Artigo 4. *Categorías, trámites e actuacións.*

1. Na sede electrónica da Seguridade Social manterase unha relación pública das categorías, trámites e actuacións que, de acordo co anexo, poidan ser obxecto de apoderamento. Os apoderamentos incorporados ao rexistro só producirán efecto respecto dos trámites ou actuacións comprendidos na referida relación, aos cales expresamente se refira o poder outorgado.

2. O poder poderase outorgar para un ou varios trámites específicos ou para unha ou varias categorías que engloben determinados trámites e actuacións, tal e como se recolle no anexo. Outorgado o poder para unha categoría, este producirá efecto respecto da totalidade dos trámites e actuacións incluídos ou que se inclúan con posterioridade nesa categoría.

3. Por resolución da Secretaría de Estado da Seguridade Social, e logo de informe do Servizo Xurídico da Administración da Seguridade Social, poderase modificar o contido do anexo, incorporando ou suprimindo categorías, trámites e actuacións susceptibles de apoderamento.

Artigo 5. *Contido do rexistro.*

1. No rexistro constarán os seguintes datos:

- a) Nome e apelidos, denominación ou razón social e NIF ou documento equivalente do poderdante.
- b) Nome e apelidos, denominación ou razón social e NIF ou documento equivalente do apoderado.
- c) Datos de contacto do apoderado.
- d) Número de referencia da alta e data da alta no rexistro.
- e) Categorías, trámites e actuacións obxecto do poder.
- f) Período de vixencia do poder.

2. A vixencia do poder poderá ser por un período limitado ou de carácter indefinido.

Artigo 6. *Incorporación do apoderamento ao rexistro.*

1. Incorporaranse ao rexistro os apoderamentos acreditados dalgunha das seguintes formas:

a) Poder outorgado por vía telemática a través do servizo habilitado na sede electrónica da Seguridade Social, mediante o uso de certificados electrónicos admitidos nesta sede.

b) Poder outorgado mediante comparecencia persoal do poderdante no correspondente organismo da Administración da Seguridade Social, empregando o formulario que se aprobe para o efecto. No formulario deberá constar a sinatura do poderdante e a identificación e sinatura do funcionario ante o cal comparece, que deberá estar autorizado para dar de alta no rexistro os apoderamentos.

Se o poderdante é unha persoa xurídica ou entidade sen personalidade xurídica, o comparecente deberá acreditar que é o representante legal da entidade ou que posúe poder suficiente para outorgar os apoderamentos de que se trate. Poderase requirir informe do Servizo Xurídico da Administración da Seguridade Social nos supostos de poder outorgado por entidade sen personalidade xurídica e cando, tratándose de persoa xurídica, o poder o outorgue un representante voluntario.

c) Poder outorgado mediante documento público ou documento privado con sinatura notarialmente lexitimada cuxo contido se axuste ao do formulario que se aprobe para o efecto, presentado ante o correspondente organismo da Administración da Seguridade Social. Poderase requirir informe do Servizo Xurídico da Administración da Seguridade Social nos supostos de poder outorgado por entidade sen personalidade xurídica e cando, tratándose de persoa xurídica, o poder o outorgue un representante voluntario.

2. En caso de que se advirtan defectos no outorgamento do poder, comunicaráse ao interesado para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou achegue os documentos necesarios, indicándolle que, en caso contrario, se considerará que desiste da súa petición, logo de resolución ditada para o efecto.

3. Nos apoderamentos outorgados de forma electrónica, a aplicación informática unicamente permitirá a incorporación ao rexistro daqueles apoderamentos que conteñan todos os datos solicitados no formulario dispoñible na sede electrónica da Seguridade Social. Nos casos en que se detecten anomalías técnicas na transmisión telemática do formulario de outorgamento do poder, esta circunstancia porase en coñecemento do poderdante polo propio sistema, mediante as correspondentes mensaxes de erro, co fin de que poida efectuar unha nova solicitude.

4. Nos supostos de poder outorgado por vía telemática, a incorporación do poder ao rexistro efectuarase de forma automatizada.

Nos supostos de poder outorgado mediante comparecencia persoal do poderdante ou mediante documento público ou privado con sinatura notarialmente lexitimada, a incorporación do poder ao rexistro efectuarase nun prazo non superior a dous días hábiles desde a solicitude ou, de ser o caso, desde o informe do Servizo Xurídico da Administración da Seguridade Social ou da emenda dos defectos advertidos.

5. Os apoderamentos a que se refire esta orde producirán os efectos previstos nela desde a data da súa incorporación ao rexistro.

Artigo 7. *Outorgamento de poder para a recepción telemática de notificacións.*

1. No suposto de outorgamento de poder para a recepción electrónica de notificacións, ademais dos requisitos a que se refire o artigo anterior, para a incorporación do poder ao rexistro será necesaria a aceptación expresa do apoderado.

Nos apoderamentos outorgados por medios electrónicos, para a súa aceptación será necesario o uso polo apoderado dalgún dos certificados electrónicos admitidos na sede electrónica da Seguridade Social, sen que se incorpore o poder outorgado ao rexistro e, por tanto, teña efectos, ata que conste, por vía telemática, a aceptación do apoderamento.

Cando o poder fose outorgado por comparecencia persoal do poderdante, outorgamento e aceptación produciranse en unidade de acto. No apoderamento outorgado mediante documento público ou documento privado con sinatura notarialmente lexitimada, a aceptación deberá constar no propio documento. Tanto nun caso coma noutro, o apoderamento só producirá efecto unha vez incorporados ao rexistro o outorgamento e a aceptación.

2. En caso de que o poderdante non estivese obrigado nin subscrito a recibir notificacións a través de medios electrónicos, o apoderamento non terá efectos.

3. Desde que o poder produza efectos, todas as notificacións a que este se refire serán realizadas co apoderado a través de medios electrónicos na sede electrónica da Seguridade Social.

Artigo 8. *Revogación do poder.*

A revogación dos apoderamentos rexistrados só producirá efectos desde a súa incorporación ao rexistro. A revogación poderase realizar:

a) Por medios electrónicos, mediante o uso dalgún dos sistemas de identificación admitidos na sede electrónica da Seguridade Social, utilizando o formulario dispoñible nesta sede. Nestes casos, a aplicación informática dará de baixa automaticamente o poder.

b) Mediante comparecencia persoal do poderdante ante o correspondente organismo da Administración da Seguridade Social, empregando o formulario que se aprobe para o efecto. No formulario deberá constar a sinatura do poderdante que revoga o poder, así como a identificación e sinatura do funcionario autorizado ante o cal comparece. Este último procederá, nese momento, a dar de baixa o poder no rexistro.

c) Mediante documento público ou documento privado con sinatura notarialmente lexitimada. Recibida a comunicación da revogación, o funcionario autorizado procederá seguidamente a dar de baixa o poder no rexistro.

Artigo 9. *Renuncia ao apoderamento.*

O apoderado poderá renunciar en todo momento ao apoderamento. En ningún caso a renuncia terá efectos ata que se incorpore ao rexistro.

Artigo 10. *Consulta ao rexistro.*

Os interesados, mediante o uso dalgún dos sistemas de identificación admitidos na sede electrónica da Seguridade Social, poderán consultar no rexistro a inscrición, o contido e a vixencia do poder ou poderes rexistrados en que figuren como poderdantes ou apoderados, así como obter certificados dos apoderamentos inscritos no rexistro.

Artigo 11. *Protección de datos de carácter persoal.*

Coa finalidade de dar cumprimento ao establecido no artigo 6 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e nas súas normas de desenvolvemento, cando o poderdante ou apoderado sexan persoas físicas deberá constar o seu consentimento para o tratamento automatizado dos seus datos que resulte necesario para o adecuado funcionamento do rexistro. Este consentimento deixará a salvo o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación e cancelación establecidos na citada lei orgánica.

Disposición adicional primeira. *Ficheiro de protección de datos.*

De conformidade co artigo 20 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, créase o ficheiro de datos persoais «Rexistro Electrónico de Apoderamentos da Seguridade Social», cuxas características son as seguintes:

a) Finalidade: rexistro dos apoderamentos outorgados para a realización de trámites e actuacións por medios electrónicos, ante as direccións xerais, entidades xestoras e servizos comúns dependentes da Secretaría de Estado da Seguridade Social.

b) Usos previstos: comprobación da representación nos trámites e actuacións por medios electrónicos que a incorporen.

c) Persoas obrigadas a subministrar os datos: interesados que outorguen ou reciban poderes para a realización de trámites e actuacións por medios electrónicos no ámbito da Administración da Seguridade Social.

Persoas a que se refiren os datos: apoderados e poderdantes.

d) Procedemento de recollida de datos: a través de formularios de solicitude de alta, renuncia ou revogación de apoderamentos presentados por vía electrónica ou mediante solicitude presencial do poderdante.

e) Estrutura básica do ficheiro: datos identificativos (nome e apelidos, NIF ou documento equivalente) de poderdante e apoderado, teléfono e correo electrónico de apoderado, extensión e período de vixencia do poder.

f) Sistema de tratamento: parcialmente automatizado.

g) Cesión de datos de carácter persoal: os datos serán transmitidos ás direccións xerais, entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social, de conformidade co ámbito de aplicación do rexistro.

h) Transferencia de datos: non se prevé.

- i) Órgano responsable do ficheiro: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.
j) Servizos ou unidades ante os cales se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición:

Tesouraría Xeral da Seguridade Social.
Rúa Astros, 5-7.
28071 Madrid.

- k) Nivel de seguridade: básico.

Disposición adicional segunda. *Non incremento do gasto público.*

O rexistro creado por esta orde atenderase cos medios persoais e materiais existentes no Ministerio de Emprego e Seguridade Social e en ningún caso poderá xerar incremento do gasto público.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.17.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social.

Disposición derradeira segunda. *Facultades de aplicación.*

Habílitase o titular da Secretaría de Estado da Seguridade Social para ditar cantas disposicións resulten necesarias para a aplicación e execución do previsto nesta orde.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

1. Esta orde entrará en vigor o día 1 do mes seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».
2. Exceptúase do previsto no número anterior o disposto nos artigos 6.1.b) e c) e 8 b) e c), cuxa data de entrada en vigor se fixará por resolución da Secretaría de Estado da Seguridade Social. Esta resolución ditarase no prazo dun ano desde a publicación desta orde, sen que ata ese momento teñan efectividade as previsións contidas nos ditos preceptos.

Madrid, 26 de marzo de 2013.—A ministra de Emprego e Seguridade Social, Fátima Báñez García.

ANEXO

Relación de categorías, trámites e actuacións susceptibles de apoderamento

1. *Categoría: recepción telemática de notificacións*

Trámites e actuacións:

- 1.1 Notificacións para réximes de Seguridade Social obrigados a RED (Sistema de remisión electrónica de datos).
- 1.2 Notificacións para réximes de Seguridade Social non obrigados a RED (Sistema de remisión electrónica de datos).